



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE CULTURA,
EDUCACIÓN E UNIVERSIDADE



PROTOCOLO DE ACTUACIÓN EN CASO DE SUSPENSIÓN DA ACTIVIDADE NA EMPRESA

Como xa sabedes moitos de vós, tanto no curso pasado como no que levamos deste varias empresas que colaboran na FP Dual se viron obrigadas a deter a súa actividade en varias ocasións por motivos coñecidos por todos (pandemia, escaseza de compoñentes...). Loxicamente estes paros repercuten no normal desenvolvemento das vosas prácticas.

Estase producindo polo tanto nestes períodos una situación irregular que non estaba prevista. En período escolar os alumnos debedes ter obrigatoriamente actividade lectiva, sexa no centro educativo ou na empresa.

Como todo fai indicar que estes paros se van a seguir producindo, cando isto suceda debedes proceder da seguinte maneira:

- Cando a empresa vos comunique que se vai a producir un paro debedes de informar inmediatamente ao voso titor (podedes facelo a través da aula virtual).
- A partires de ese momento vos tedes que reincorporar o aula ata que se recupere a actividade na empresa.
- O horario será o mesmo que tiñades perante o primeiro trimestre.
- **A asistencia a clase é obrigatoria.** É imprescindible cumprir as horas de formación do ciclo para poder titular.

Un saúdo,

Javier Rodríguez Gutiérrez
Dinamizador da relación con empresas na FP
Universidade Laboral Ourense
javier.gutierrez@edu.xunta.gal
Tif.: 988788486